

infantís 0-3 dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para o curso 2008/2009.

Estudadas pola comisión de baremación todas as reclamacións presentadas e resoltas pola delegada provincial, procédese á publicación da relación definitiva de admitidas/os e da lista de espera coa puntuación obtida en cada caso.

Estas reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da lista definitiva, que se poderá consultar nas delegacións provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, nas páxinas web (<http://vicepresidencia.xunta.es>) e (<http://www.galescolas.net>) e nos respectivos centros.

As/os solicitantes admitidas/os dispoñen dun prazo de dez días naturais, desde o 1 ata o 10 de xuño, ambos os dous incluídos, para matricularse presentando no centro onde obtivesen praza o impreso de matrícula debidamente cuberto acompañado de certificado médico da/do nena/o. O impreso de matrícula facilitarase nos propios centros, así como nas páxinas web (<http://vicepresidencia.xunta.es>) e (<http://www.galescolas.net>).

Se non se formaliza a matrícula da/do nena/o no prazo sinalado, considérase decaída/o na súa solicitude.

Contra esta resolución que non esgota a vía administrativa poderá interpoñerse recurso de alzada ante o vicepresidente da Igualdade e do Benestar, no prazo dun mes que comezará a contar o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

A Coruña, 26 de maio de 2008.

M^a Tereixa dos Anxos Novo Arrojo
Delegada provincial da Coruña

Resolución do 27 de maio de 2008, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se procede á publicación da relación definitiva de nenas/os admitidas/os para o curso 2008/2009 nas escolas infantís 0-3 dependentes da Vicepresidencia.

Con data do 4 de marzo de 2008 publicouse a Orde do 27 de febreiro de 2008 pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para o curso 2008/2009.

Estudadas pola comisión de baremación todas as reclamacións presentadas e resoltas polo delegado provincial, procédese á publicación da relación definitiva de admitidas/os e da lista de espera coa puntuación obtida en cada caso.

Estas reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da lista definitiva, que se poderá consultar nas delegacións provinciais da Vicepresidencia

da Igualdade e do Benestar, nas páxinas web (<http://vicepresidencia.xunta.es>) e (<http://www.galescolas.net>) e nos respectivos centros.

As/os solicitantes admitidas/os dispoñen dun prazo de dez días naturais, desde o 1 ata o 10 de xuño, ambos os dous incluídos, para matricularse presentando no centro onde obtivesen praza o impreso de matrícula debidamente cuberto acompañado de certificado médico da/do nena/o. O impreso de matrícula facilitarase nos propios centros, así como nas páxinas web (<http://vicepresidencia.xunta.es>) e (<http://www.galescolas.net>).

Se non se formaliza a matrícula da/do nena/o no prazo sinalado, considérase decaída/o na súa solicitude.

Contra esta resolución que non esgota a vía administrativa poderá interpoñerse recurso de alzada ante o vicepresidente da Igualdade e do Benestar, no prazo dun mes que comezará a contar o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Pontevedra, 27 de maio de 2008.

Francisco Xabier Verea Argibay
Delegado provincial de Pontevedra

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 26 de maio de 2008, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se modifica a do 8 de maio, pola que se fixa o procedemento, o lugar e o prazo de presentación de solicitudes para a concesión de axudas de acción social do ano 2007.

Dando cumprimento ao disposto nas normas xerais 3 (Solicitudes e documentación) e 5 (Prazo e lugar de presentación das solicitudes), dos criterios de repartición do fondo de acción social para o exercicio do ano 2007, ditouse Resolución do 8 de maio de 2008 pola que se fixaba o procedemento, o lugar e o prazo de presentación de solicitudes para a concesión de axudas de acción social do ano 2007.

O número 1 do punto primeiro da dita resolución establecía que o prazo para cubrir os formularios electrónicos e presentalos, unha vez impresos, ante as unidades certificadoras, comezaría o 22 de maio de 2008 e remataría o 6 de xuño de 2008.

Desde a apertura do prazo para xerar as solicitudes producíronse problemas técnicos de acceso e de utilización do sistema que supoñen a redución efectiva do prazo concedido e aconsellan a súa prórroga.

En consideración ao exposto,

DISPOÑO:

Primeiro.-Modificar o parágrafo segundo do número 1 do punto primeiro da Resolución do 8 de maio de 2008, pola que se fixa o procedemento, o lugar e o prazo de presentación de solicitudes para a concesión de axudas de acción social do ano 2007, cuxo teor literal pasa a ser o seguinte:

O prazo para cubrir e presentar as solicitudes impresas comezará o 22 de maio de 2008 e rematará o 10 de xuño de 2008.

Segundo.-Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, conforme o artigo 14.2º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2008.

Mª del Mar Rodríguez Fernández
Directora xeral da Función Pública

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E FACENDA**

Orde do 6 de maio de 2008 pola que se declara a alienabilidade dun inmoble sito en Xinzo de Limia.

A Comunidade Autónoma de Galicia é titular dun inmoble sito na rúa Santa Mariña 77 de Xinzo de Limia de 1.000 m², segundo o rexistro.

O dito inmoble pertencelle á Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de sementes e plantas de viveiro, efectuado a través do Real Decreto 244/1985, do 6 de febreiro.

Mediante o Decreto 74/2008, do 10 de abril (DOG nº 76, do 21 de abril), acordouse a súa desafectación do dominio público.

Unha vez obtida a súa inscrición no correspondente rexistro da propiedade a nome da Comunidade Autónoma de Galicia, procede declarar a súa alienabilidade de conformidade co disposto no artigo 24 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e no artigo 60 do Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o seu regulamento, co obxecto de posibilitar o seu tráfico patrimonial.

Na súa virtude, por proposta da Secretaría Xeral e do Patrimonio,

DISPOÑO:

Artigo único.-

Declárase a alienabilidade do inmoble que se describe a continuación:

Inmoble sito na rúa Santa Mariña 77, de Xinzo de Limia, de 1.000 m² segundo o rexistro, que estrema, norte, José Méndez Sirgo, hoxe nº 79 da rúa Santa Mariña; sur, camiño, hoxe rúa Cemiterio; leste, camiño, hoxe rúa Santa Mariña e oeste, Manolo Juana, hoxe, nº 6 da rúa Cemiterio de Josefa Gómez Fariñas.

Inscrito no Rexistro da Propiedade de Xinzo de Limia como predio nº 7.850, tomo 762, libro 201, folio 103. Referencia catastral: 5282024PG0558N0001LD.

Prezo do inmoble 1.201.717,92 €.

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2008.

P.D. (Orde 18-9-2006)
Inmaculada Viña Carregal
Secretaria xeral e do Patrimonio da Consellería
de Economía e Facenda

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA
TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS
E TRANSPORTES**

Orde do 16 de maio de 2008 sobre aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo (Pon-tevedra).

O Concello de Vigo eleva, para a súa aprobación definitiva, o expediente do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), de conformidade co previsto no artigo 85.5º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG).

I. Antecedentes.

I.1. Planeamento vixente:

O planeamento vixente no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado definitivamente polo Consello da Xunta de Galicia o 29 de abril de 1993, ao abeiro da entón vixente Lei 11/1985, de adaptación da do solo a Galicia.

I.2. Tramitación municipal do plan ata a súa aprobación provisional:

O Concello de Vigo acordou a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal e formulou o avance do plan, que foi sometido a exposición pública durante o prazo de dous meses mediante anuncios publicados no xornal *Faro de Vigo* do día 6 de agosto de 2002 e no *Diario Oficial de Galicia* nº 155, do 13 de agos-